



asociación para a participación cidadá

www.outrovigo.com
info@outrovigo.com

Documento de Estudio e Proposta

**SOBRE A ETEA,
A CIDADE DAS CIENCIAS MARIÑAS E
A SEDE DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS**

Vigo, 1 de marzo de 2006

Documento de Estudio e Proposta

**SOBRE A ETEA,
A CIDADE DAS CIENCIAS MARIÑAS E
A SEDE DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS**

Vigo, 1 de marzo de 2006

ÍNDICE

Obxecto e destinatarios	3
Resumo do documento	4
1. Breve historia da ETEA	5
2. Os valores do recinto	5
3. Os proxectos de ordenación anteriores a 2006	6
3.1 O proxecto da Zona Franca	6
3.2 A proposta de Parque Mariño do BNG	8
4. A necesidade dunha planificación racional	9
4.1 Os axentes: administracións, asesores e sociedade	9
4.2 Os criterios: interese público, sostibilidade, adecuación e calidade	9
4.3 O proceso: tempo debido, análise, debate, concurso e control de calidade	10
4.4 A planificación conxunta dos centros científicos, ambientais e culturais mariños	11
5. A oportunidade dunha ordenación exemplar, pública e sostible	12
5.1 Ordenación exemplar	12
5.2 Titularidade pública	12
5.3 Espazo público	12
5.4 Ordenación sostible	12
5.5 Actividade pública e sostible	13
5.6 Efecto rexenerador de Teis e influencia transformadora do resto de Vigo	13
6. Os usos posibles	14
6.1 A Cidade das Ciencias Mariñas (CCM)	14
6.2 A Base Oceanográfica (BO)	16
6.3 A Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas (PNIA)	16
6.4 Outros usos desexables	17
6.5 O rexeitable intento de integración entre a CCM-BO e o proxecto da Zona Franca	17
7. O perigo dun mal proxecto e a esixencia de calidade	18
8. Un uso provisional para os cidadáns	18
9. Resumo da proposta	19

OBXECTO

Este documento é unha chamada á xestión responsable por parte dos Poderes Públicos e á toma de conciencia dos cidadáns sobre tres asuntos que conflúen no tempo e que son de enorme importancia para Vigo e para Galicia:

- O destino da antiga ETEA, polos grandes valores e potencialidades deste recinto litoral.
- O proxecto da Cidade das Ciencias Mariñas, porque constitúe unha oportunidade histórica para a cidade e para o País.
- A Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas, pola necesidade dunha localización digna da importancia deste organismo. A Sede será, con toda probabilidade, centro xestor dunha posible e desexable Reserva da Biosfera, e isto suporía unha esperanza para o desenvolvemento sostible do litoral galego e a preservación do seu medio natural, a súa paisaxe e os seus sinais de identidade.

En ausencia dunha Axenda 21 Local operativa, éste é o único medio que ten **Outrovigoéposible** para exercer a democracia participativa e loitar pola ordenación e o desenvolvemento sostibles de Vigo e de Galicia.

DESTINATARIOS

Este documento está dirixido ao conxunto da sociedade, e particularmente ás seguintes institucións, asociacións e entidades:

- Xunta de Galicia
- Administracións locais: Concello, Zona Franca e Autoridade Portuaria
- Grupos políticos municipais
- Asociacións cidadás e veciñais
- Asociacións para a defensa do patrimonio natural, cultural e histórico
- Universidade e comunidade científica
- Institucións culturais
- Empresas, asociacións e institucións empresariais
- Colexios profesionais e profesionais concretos
- Sindicatos
- Medios de comunicación

RESUMO DO DOCUMENTO

Este Estudio e Proposta de **Outrovigoéposible** sobre a ETEA, a Cidade das Ciencias Mariñas e a Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas ten o contido seguinte:

- 1. Unha breve historia da ETEA:** Dende a creación da *Base Naval de Ríos* ata hoxe.
- 2. Unha descrición do recinto:** As súas características, os seus valores urbanos, ambientais e paisaxísticos, e as súas potencialidades.
- 3. Os proxectos de ordenación:** Descrición e valoración crítica do proxecto residencial, comercial e deportivo da Zona Franca e da proposta de Parque Mariño do BNG.
- 4. Unha planificación racional:** Reclamación dun proceso de xestión no que cooperen as administracións, no que se empregue o tempo preciso para unha análise e un debate rigorosos e contextualizados, e no que se apliquen os criterios de interese público, sostibilidade, adecuación e calidade. Engadimos unha descrición detallada deste proceso.
- 5. Unha ordenación exemplar, pública e sostible:** Reclamación razoada dunha ordenación do recinto que desenvolva os seus valores urbanos e ambientais, que o convirta nun espazo público de calidade, e que contribúa a rexenerar Teis e iniciar a transformación da cidade. Engadimos unha descrición detallada do que entendemos por tal ordenación.
- 6. Os usos posibles:** Unha proposta razoada, coa seguinte exposición:
 - Unha descrición da proposta de creación da Cidade das Ciencias Mariñas (CCM) e a Base Oceanográfica (BO) en Vigo, baseada na información pública dispoñible.
 - Un rotundo apoio á creación da CCM en Vigo, debidamente razoado.
 - O apoio á localización da **CCM** e da **BO** no recinto da ETEA, debidamente razoado.
 - A proposta de localización da **Sede do PNIA** no recinto da ETEA, debidamente razoada.
 - A reclamación de que o conxunto CCM-Sede do PNIA teña, ademais da súa función científica, unha **función cultural** nos eidos das ciencias mariñas e do medio ambiente.
 - A reclamación de que se manteñan as actuais instalacións deportivas e se poñan ao servizo dos cidadáns.
 - A suxerencia de que, se resta espazo ocupable, a ordenación se complete con actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariña tradicional galega.
 - O rexeitamento razoado a todo intento de facer compatible a CCM e a BO co proxecto da Zona Franca ou coa proposta de Parque Mariño do BNG.
- 7. A esixencia de calidade:** Reclamación razoada da máxima esixencia de calidade para o proxecto e o estricto control da calidade da súa realización.
- 8. Un uso provisional:** Solicitudde razoada da apertura provisional do recinto aos cidadáns e do uso público inmediato das súas instalacións deportivas.
- 9. Un resumo da proposta de Outrovigoéposible** sobre o recinto da ETEA, a CCM e a Sede do PNIA.

1. BREVE HISTORIA DA ETEA

Os terreos da *Base Naval de Ríos* foron adquiridos polo *Ministerio de Marina* nos anos vinte, e sucesivamente ampliados, ata os anos sesenta, mediante expropiacións. A primitiva base naval foi transformada en ETEA (*Escuela de Transmisiones y Electrónica de la Armada*) no ano 1939. Unhas 100 familias foron afectadas sucesivamente polas expropiacións. Entre o final do ano 2002 e o comezo do ano 2004 tivo lugar o proceso de compra dos terreos por parte do Consorcio da Zona Franca, por un importe de 30 M de euros. O Ministerio de Defensa denegou a devolución e calquera outra compensación aos antigos propietarios e aos seus herdeiros, dado que os fins que xustificaron legalmente a expropiación duraron máis de dez anos.

2. OS VALORES DO RECINTO

O recinto da ETEA constitúe unha finca urbana litoral de grande superficie (128.000 m²), baixa ocupación edificatoria (14% da superficie) e baixo índice de edificación (0,28 m²/m²). Conta con edificios antigos de diverso valor arquitectónico (sobre todo, o edificio Faraday e, en menor medida, os edificios Siemens, Kelvin, Morse, Gauss e Churruca). Tamén conta con edificios modernos de diverso valor funcional (residencias de oficiais, alumnos e mariñeiría; aulas e outras residencias). Dispón, asimismo, de instalacións deportivas (un polideportivo dotado con piscina cuberta, e un campo de fútbol dotado con pistas de atletismo habilitables).

Ten amplas zonas verdes (35% da superficie) moi arborizadas, a meirande parte delas axardinadas, cunha parte salvaxe. A vexetación presenta unha certa continuidade no veciño parque da Guía e no entorno semirrural de Ríos. O recinto dispón dun peirao aberto á penetración da ría, orientado e configurado de tal xeito (*praza de auga*) que alí mantense a relación mar-cidade xa perdida na meirande parte do litoral vigués. Este peirao serve, ademais, de marco paisaxístico á ribeira N da ría.

Parte da praza principal do recinto está construída sobre un areal, do que resta a franxa intermareal, visible no interior do peirao coa baixamar. Existe un areal contiguo ao límite W do recinto, interrompido -en parte formado- polo dique do peirao. Un antigo areal contiguo ao límite E do recinto está ocupado por un estaleiro. Só resta del unha moi pequena parte, empregada como varadoiro de pequenas embarcacións.

Os informes públicos non falan da existencia de xacementos arqueolóxicos no interior do recinto, pero si no veciño parque da Guía.

O entorno terrestre do recinto é o barrio semirrural de Ríos, parroquia de Teis. É un barrio desarticulado e moi degradado ambiental e paisaxísticamente polo feísmo urbanístico e polos estaleiros que ocupan a ribeira dun xeito innecesariamente agresivo (feito habitual no litoral galego). Ademais, as vías de transporte (estradas e autovía) cortan varias veces a continuidade do terreo na súa ascensión ao monte da Madroa. A proximidade do parque da Guía mitiga un algo estas eivas.

O recinto da ETEA é un espazo urbano litoral apto para unha ordenación exemplar, que pode conxugar espazo público, arquitectura, beleza, natureza e relación mar-cidade. E o seu peirao constitúe unha base portuaria idónea para actividades e percorridos ambientais, científicos e culturais.

3. OS PROXECTOS DE ORDENACIÓN ANTERIORES A 2006

3.1 O proxecto da Zona Franca

Concurso de ideas inicial

No comezo do ano 2004 o Consorcio da Zona Franca convocou un concurso de ideas para a ordenación da ETEA. Como idea de referencia estableceu a suxerida no Avance do PXOM: *Un complexo náutico de primeira orde no Atlántico Europeo*, ampliada con usos comerciais, turísticos, culturais e de ocio, e completada con outros usos compatibles cos devanditos. Os usos escollidos determinarían os *espazos públicos e privados* resultantes.

A Zona Franca conservarían a propiedade do recinto, e explotaría comercialmente as instalacións. O seu obxectivo era combinar a recuperación da inversión coa devolución á cidade, senón da propiedade, polo menos do uso parcial dun valioso espazo litoral ben urbanizado.

A pesar da idea de referencia oficial, tratábase dun concurso moi aberto, con ampla liberdade para os equipos participantes. Estes tiñan que ser multidisciplinares (economía, urbanismo, arquitectura, enxeñería, economía, dereito, medio ambiente). A convocatoria tivo éxito e presentáronse 30 equipos de alto nivel de toda Europa.

Na fase previa serían seleccionados entre 5 e 10 equipos dacordo co seu currículo e experiencia. Na primeira fase serían seleccionadas as propostas máis valiosas e designado o gañador. Na segunda fase o equipo gañador desenvolvería a idea propia enriquecida coas ideas válidas e compatibles dos restantes equipos, ou incluso un conxunto formado por ideas valiosas de nivel parello, que fosen compatibles, de todas as propostas seleccionadas.

Concurso de ordenación posterior

No mesmo ano 2004, o cambio de goberno no Estado produciu o cambio de titularidade na presidencia do Consorcio. A nova presidencia anulou o concurso de ideas, e convocou un concurso de ordenación sobre un uso residencial, comercial, hosteleiro, deportivo e de ocio previamente decidido e distribuído sobre o recinto pola Zona Franca. A idea inicial de referencia engadiuse a construción de vivendas de luxo para a súa venda. O seu obxectivo era similar ao inicial, pero semella que o proxecto, ademáis da recuperación da inversión, produciría unha marxe de beneficios que se investiría en infraestruturas (un túnel baixo da Guía que comunicaría Ríos con Guixar).

Xurdiu a desconfianza entre os equipos de alto nivel participantes no concurso de ideas inicial e retiráronse. Ao concurso de ordenación presentáronse 5 novos equipos.

Criterios de ordenación do concurso

Unha análise dos criterios de ordenación fixados no concurso da o seguinte resultado:

- Construción de vivendas nun espazo litoral dunha cidade que xa proxecta (PXOM) duplicar o número de vivendas en 20 anos.
- Construción dun gran centro comercial nun espazo litoral dunha cidade que xa proxecta 12 grandes superficies, práctica abandonada nos países avanzados da UE, onde os criterios actuais fixan un máximo de 1 gran superficie por cada 100.000 habitantes.
- Construción dun novo e gran porto deportivo na ría de Vigo, xa de máis ameazada pola degradación ambiental e paisaxística, mesmo pola desaparición, dos últimos espazos

baleiros, virxes ou ben conservados do seu litoral. Causas: o urbanismo especulativo, o feísmo, as instalacións industriais, os *paseos marítimos* e os portos deportivos.

- No mesmo litoral da Guía vense de rematar o porto deportivo privado da Lagoa, un desatino en termos paisaxísticos e ambientais, que foi consentido ou alentado pola anterior Autoridade Portuaria, e que degradou un espazo litoral a prol da súa ocupación e disfrute privados. Un erro histórico máis, unha vergoña mais no litoral vigués.

Estes criterios son desgrazadamente habituais nas inmobiliarias privadas. Pero non son propios, ó noso entender, dun organismo público que xestiona un ben público.

Características do proxecto gañador

A pesar de que o proxecto gañador é o menos agresivo dos 5 proxectos presentados, as súas características son as seguintes:

- Ocupación edificatoria 2,17 veces superior á actual: a superficie ocupada pasa de 17.950 m² (14%) a 39.000 m² (30,5%) sobre 128.000 m².
- Índice de edificación 2,78 veces superior ó actual: a superficie construída pasa de 36.200 m² (0,28 m²/m²) a 100.700 m² (0,79 m²/m²) sobre 128.000 m².
- Un porto para embarcacións deportivas *grandes* (o que revela o seu carácter de luxo), que aumentaría o tamaño dos diques actuais e duplicaría a superficie da lámina de auga.
- Un complexo comercial náutico en primeira liña de costa, formando unha barreira no límite inferior da ladeira do parque da Guía.
- Un gran centro comercial convencional .
- 350 vivendas de luxo no interior do recinto.
- Aparcadoiros soterrados para 2000 prazas, situados debaixo de todos os edificios e do campo de fútbol, que pasaría a ser de herba artificial.

Outros datos: Na maqueta inicial aparecían 6 edificios de 6 plantas (vivendas, oficinas e hotel) unidos por un zócalo de 2 plantas (complexo comercial náutico) en primeira liña do porto, formando barreira co parque da Guía e empequenecendo os edificios históricos.

Valoración do proxecto

Resultado da análise do proxecto en termos de valores urbanos e sostibilidade:

- Degradación dos valores ambientais e paisaxísticos do recinto (edificacións en primeira liña de costa, duplicación da lámina de auga do peirao, bulicio e tráfico provocados polo centro comercial, aparcadoiros soterrados para 2000 prazas).
- Apropiación privada de parte do terreo do recinto (vivendas de luxo).
- Apropiación elitista do litoral (lámina de auga e dotacións en terra do porto deportivo).
- Trivialización comercial e elitista do recinto, que desaproveita as súas potencialidades ambientais, científicas e culturais, e impide que as zonas públicas (70% da superficie) poidan constituir un espazo público verdadeiro e de calidade.
- Mal uso das súas potencialidades portuarias.

3.2 A proposta de Parque Mariño do BNG

Características da proposta

O proxecto da Zona Franca non tivo unha boa acollida inicial no Concello, e o BNG presentou unha alternativa, chamada *Parque Euromar de Vigo*. Trátase, ao parecer, dun parque cultural e deportivo de tema mariño, que contaría con varios espazos:

- Espazo cultural e de ocio, adicado á historia mariña de Vigo, coas seguintes dotacións: biblioteca; salas de exposicións e proxeccións; obradoiros artesanais e artísticos; lugares de animación e representacións interactivas; un Parque das Ciencias con acuario, e un centro de talasoterapia.
- Espazo de investigación e desenvolvemento, adicado á divulgación científica mariña, con actividades programadas polos centros de investigación da cidade.
- Porto deportivo, coincidinte co proxecto da Zona Franca.
- Espazo deportivo, con escolas de navegación, vela, remo, submarinismo, motonáutica, pesca deportiva e rescate no mar. Centro de alto rendemento para deportes náuticos.
- Espazo hosteleiro, de restauración e comercial.

Valoración da proposta

A proposta contén ideas interesantes que, ben tratadas, serían valiosas, pero o seu exame polo miúdo decepciona, polos motivos seguintes:

- A baixa calidade dos criterios utilizados na concepción do parque, que pretende unha actividade cultural e deportiva seria, pero deriva nun parque temático intrascendente.
- A distribución incoherente de actividades nos *centros e espazos*.
- O minimalismo inxenuo dalgunhas actividades e a desmesura de outras.
- A inclusión de actividades máis ben propias do Museo do Mar, ou dun centro de investigación mariña, ou dunha cidade deportiva de élite.
- A transixencia cun porto deportivo do tipo proposto pola Zona Franca.
- A falta de xustificación expresa da súa viabilidade, feito no que subxace a idea da explotación económica do parque en termos de concesión.

Trátase, ó noso entender, dun parque temático mariño mal concibido, cun contido cultural, científico e deportivo indebidamente estruturado, que trivializa a cultura, a ciencia, o deporte e a mesma relación co mar. Unha proposta que suporía malgastar o enorme valor do recinto da ETEA e a súa entrega a mans privadas para unha explotación que, con toda probabilidade, fracasaría en pouco tempo.

4. A NECESIDADE DUNHA PLANIFICACIÓN RACIONAL

Os capítulos precedentes amosan que a xestión da ETEA realizada ata agora polas administracións locais (Zona Franca e Concello) non foi adecuada. **Outrovigoéposible** quere reclamar a planificación racional que o recinto aínda precisa, incluso tendo en conta que neste momento os seus posibles usos parecen xa moi definidos.

A continuación describimos o que, ó noso entender, sería un proceso de planificación racional. O seu contraste coa xestión real revela a complexidade do asunto e os erros cometidos. Pensamos que moitos destes erros aínda poden, e deben, ser corrixidos.

4.1 Os xestores da planificación

As administracións

Unha mancha de factores dificultan o traballo coordinado e a cooperación entre as administracións: conflitos de competencias, desfases temporais entre as súas actividades, caducidade das súas asignacións orzamentarias e loitas políticas. Isto conduce a iniciativas unilaterais sobre bens públicos, decisións precipitadas, improvisacións e rectificacións constantes. O resultado é unha falta de eficacia e de calidade na xestión pública que ten transformado grandes oportunidades en erros históricos.

A planificación dun recinto valioso como o da ETEA debe facerse de modo coordinado e cooperativo entre todas as administracións locais, autonómicas e estatais que teñen, ou poden ter, competencia sobre a súa titularidade, o seu ordenamento e a súa utilización.

Asesoramento multidisciplinar

O proceso de planificación debe contar cun asesoramento multidisciplinar por parte de expertos en materias que son, ou deberían ser, habitualmente contempladas nos proxectos de urbanismo (economía, urbanismo, arquitectura, enxeñería, medio ambiente, cultura, arqueoloxía, dereito), pero tamén en criterios e técnicas de sostibilidade.

Participación da sociedade

O proceso debería contar coa participación da sociedade, particularmente dos sectores que puidesen verse implicados no uso do recinto (por exemplo, a comunidade científica), pero tamén do conxunto da cidadanía. Unha Axenda 21 Local operativa, ben asesorada e non manipulada aseguraría a participación responsable da sociedade e garantiría a aplicación correcta dos criterios de sostibilidade.

4.2 Os criterios de planificación

Interese público

A planificación dun recinto obtido polo Estado mediante expropiacións debe buscar o interese público. Isto implica que a súa titularidade, a súa actividade e o uso do seu espazo libre han de ser públicos.

Creemos que non debe haber lugar nel para intereses privados e, polo tanto, non procede a súa explotación económica en réxime de concesión nin a súa venda total nin parcial.

Sostibilidade

A planificación do recinto ten que facerse con criterios de sostibilidade. É dicir, achando o equilibrio óptimo entre a súa función e viabilidade económica, a súa función social e cultural, e a preservación dos seus valores urbanos, ambientais e paisaxísticos.

Adecuación

O uso do ETEA debe decidirse buscando a máxima correspondencia entre os valores e potencialidades do recinto e as necesidades de Vigo e do conxunto do País.

Calidade

Como veremos, combinar o uso adecuado do recinto da ETEA coa súa función como espazo público e co desenvolvemento dos seus valores urbanos, ambientais e paisaxísticos é un labor complexo. Un traballo que require unha calidade especial (véxase o punto 7).

4.3 O proceso de planificación

O tempo debido

Unha planificación racional leva o seu tempo. O tempo preciso para unha análise rigorosa, un debate sereno, unha decisión responsable e a elaboración dun proxecto de calidade.

Non debe permitirse que as loitas entre administracións e as presións políticas leven, de novo, a decisións precipitadas e a proxectos improvisados.

Análise e debate

A planificación da ETEA debe partir dunha análise rigorosa dos valores e potencialidades do recinto e das necesidades estratéxicas de Vigo, do litoral galego e de Galicia no seu conxunto, seguida dun debate obxectivo sobre as solucións posibles.

A análise e o debate deben facerse no contexto da planificación xeral da cidade (PXOM e Plan de Ordenación do Litoral). Neste sentido, debe terse en conta o conxunto de dotacións que precisan unha localización no litoral, e o conxunto de localizacións dispoñibles (véxase o punto 4.4).

Unha análise rigorosa e contextualizada permitiría detectar necesidades latentes (como, por exemplo, a coordinación dos Centros de Investigación Mariña, ou a Base Oceanográfica). Tamén permitiría reaccionar áxilmente ante propostas inesperadas (como, por exemplo, a Cidade das Ciencias Mariñas), e valoralas con obxectividade.

Decisión final e concurso

A veces non está claro o uso máis axeitado para un espazo valioso, e neses casos procede convocar un *concurso de ideas* aberto a varias posibilidades, tanto ás detectadas na análise previa como a outras non previstas.

No caso da ETEA semella que os usos posibles e a súa valoración xa están moi definidos. E cabe pensar que as administracións teñen datos dabondo para decidir o uso final do recinto e convocar un *concurso de ordenación* sobre o resultado.

Porén, o caso da ETEA é especialmente complexo. Nalgúns sectores do ámbito profesional considérase conveniente, incluso necesario, un novo *concurso de ideas*. O concurso podería fixar algunhas ideas de referencia, como os usos concretos que xa se comentan nos medios e que se propoñen neste documento (a CCM, a BO e a Sede do PNIA). Pero aportaría a creatividade e a calidade necesarias en dous aspectos:

- A combinación harmónica da actividade do recinto coa súa función como espazo público e coa posta en valor dos seus valores urbanos, ambientais e paisaxísticos.
- O deseño específico do espazo público e a proposición de usos complementarios que contribúan a vitalizalo.

Non é labor de **Outrovigoésible** determinar qué tipo de concurso é necesario, nin ten capacidade para facelo. Pero sí quere deixar constancia das opcións existentes e das razóns que as sustentan.

Control de calidade

Dado que a ordenación do recinto da ETEA esixe un proxecto de especial calidade, o proceso debe incluír un especial control da calidade do proxecto e da súa realización. Un mal proxecto pode botar abaixo a calidade dunha boa idea, e unha mala realización pode estragar a calidade dun bo proxecto. Isto arruinaría os valores e as potencialidades do recinto e degradaría a súa función (véxase o punto 7).

4.4 A planificación conxunta dos centros científicos, ambientais e culturais mariños

Adiantándonos aos usos posibles do recinto, temos que manifestar que, na nosa opinión, a planificación dos centros ambientais, científicos e culturais de Vigo relacionados co mar debería facerse de maneira conxunta e coordinada.

Trátase de centros que precisan una localización próxima ao litoral e, varios deles, unha base portuaria. Son: a Cidade das Ciencias Mariñas, a Base Oceanográfica, a Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas e o Observatorio Ambiental da Ría. Pero tamén deben considerarse outras dotacións necesarias ou desexables, como o Museo da Emigración, o Museo da Construción Naval, unha base para embarcacións tradicionais e unha escola municipal de navegación a vela.

A planificación conxunta destes centros permitiría asignar axeitadamente os escasos espazos dispoñibles no litoral de Vigo: a ETEA, o porto, a Estación Marítima e Alcabre. Outras localizacións, como Coruxo e Cabo Estai, teñen moitas limitacións e son merecedoras de protección ambiental e paisaxística (*).

(*) Son moi de lamentar os estragos xa causados nelas polo urbanismo litoral, incluída a parte que lle corresponde a un ou dous centros de investigación mariña. Un debido respecto á franxa litoral e un deseño arquitectónico adecuado, integrado na paisaxe, deberon mitigar estas eivas no seu momento, e sería desexable que así acontecese no futuro.

5. A OPORTUNIDADE DUNHA ORDENACIÓN EXEMPLAR, PÚBLICA E SOSTIBLE

O recinto da ETEA constitúe unha das últimas oportunidades para facer un urbanismo litoral responsable en Vigo. E merece, polo seu valor, unha ordenación exemplar, que fiquen como un legado para a historia da cidade.

Polo tanto, **Outrovigoéposible** reclama para o recinto da ETEA unha ordenación exemplar, pública e sostible, nos termos que se describen a continuación, con independencia do uso que se lle dea ao recinto.

5.1 Ordenación exemplar

O recinto precisa unha ordenación exemplar, é dicir, un modelo de bó facer, que conxugue espazo público, arquitectura, beleza, natureza e relación mar-cidade.

5.2 Titularidade pública

A titularidade do recinto ha de ser pública na súa totalidade. É o único xeito de mantelo libre da especulación urbanística do litoral. Ademais non resulta ético, inda que sexa legal, que un recinto valioso obtido polo Estado mediante expropiacións pase, sequera parcialmente, a mans privadas.

5.3 Espazo público

O recinto debe constituir un espazo público, é dicir, un espazo aberto á cidadanía e deseñado de modo que resulte idóneo como lugar de vivencia, convivencia, lecer e cultura.

5.4 Ordenación sostible

A ordenación do recinto debe recuperar, manter e desenvolver os seus valores urbanos, ambientais e paisaxísticos:

- Deben manterse os edificios que teñan valor arquitectónico ou funcional. A destrución de edificios e a construción de novos habería de ser xustificada por razóns funcionais e compensada con excelencia arquitectónica, e non debería aumentar, polo menos sensiblemente, a ocupación do terreo nin o índice de edificación.
- Deben recuperarse e desenvolverse os valores ambientais e paisaxísticos do recinto. Debe manterse e mellorarse, no posible, a vexetación do recinto e da franxa litoral. Debe dársele continuidade ao espazo público e á vexetación no parque da Guía, no litoral e nas zonas que limitan o recinto. O proxectado paseo litoral pavimentado que uniría o recinto co parque da Guía debería substituírse, no posible, por unha senda litoral non pavimentada, malia a existencia dun treito xa urbanizado en primeira liña de costa. Debe considerarse a posibilidade de rexenerar os areais, tanto o do peirao como os areais veciños. Pero esta rexeneración debería estudiarse con criterios científicos, para evitar situacións insostibles, como a necesidade de aportación continua de area.
- Debe comprobarse a existencia de restos arqueolóxicos de valor no recinto antes de proceder á súa ordenación.
- Deben manterse as actuais instalacións deportivas: polideportivo, piscina, campo de fútbol, pistas de atletismo.
- Debe acondicionarse o peirao do recinto preservando, no posible, o efecto *praza de auga* que produce unha relación mar-cidade xa perdida na meirande parte do litoral vigués.

5.5 Actividade pública e sostible

- 1) A actividade desenvolvida no recinto ha de ser pública, dacordo coa súa titularidade.
- 2) Debe ser unha actividade sostible, é dicir, cun equilibrio óptimo entre tres elementos:
 - A súa función económica e a súa viabilidade
 - A súa función social e cultural
 - O desenvolvemento dos valores urbanos, ambientais e paisaxísticos do recinto.
- 3) Tal actividade debe contribuir a facer do recinto un espazo público vivo e de calidade. Polo tanto, debe ser atractiva para os cidadáns e non debe desenvolverse en edificios concibidos como caixas pechadas. Un adecuado deseño arquitectónico e a súa mesma función deben conseguir integralos no espazo público circundante, ata formar parte del.
- 4) Unha actividade pública e sostible implica dúas condicións económicas:
 - Non debe haber lugar no recinto para intereses privados e, polo tanto, non procede a súa explotación económica en réxime de concesión.
 - Non cabe a súa explotación pública con criterios economicistas insostibles.

5.6 Efecto rexenerador de Teis e influencia transformadora do resto de Vigo

A actividade do recinto, a súa rexeneración ambiental e paisaxística e a calidade do seu espazo público deben provocar un efecto rexenerador e vertebrador do barrio de Teis. É dicir, debe impulsar a transformación deste barrio desvencellado nun barrio rexenerado urbanística, ambiental e paisaxísticamente, ben articulado e provisto das dotacións (sanitarias, comerciais, ambientais, culturais, deportivas) necesarias para que os seus veciños poidan levar unha vida de calidade.

O PXOM e o Plan de Ordenación do Litoral deben dar resposta a este impulso rexenerador do barrio. Natureza, paisaxe, urbanismo e industria poden convivir harmónicamente. Pero para isto é necesario facer verdadeiro urbanismo, verdadeira arquitectura e verdadeira ordenación do territorio.

A ordenación do recinto debe ser de tal calidade que poida estender a súa influencia vertebradora e exemplarizante ao resto da cidade. Pensamos que pode, e debe, ser un punto de partida para transformar o Vigo industrial e portuario nunha cidade completa e sostible.

6. OS USOS POSIBLES

Os usos posibles dun espazo valioso deberían determinarse mediante un proceso de planificación adecuado, como o descrito no punto 4. En circunstancias normais non é labor propio dunha asociación cidadá facer unha proposta concreta. Porén, os posibles usos da ETEA están xa moi definidos. O proxecto da *Cidade das Ciencias Mariñas* precipitou os acontecementos, e está a provocar un conflito entre administracións polo uso do recinto.

Dado que as ideas en xogo son de vital importancia para a cidade, e que non existe unha Axenda 21 Local operativa, os membros de **Outrovigoésible** considerámonos na obriga de estudar o asunto polos nosos medios e manifestar públicamente a nosa postura.

6.1 A Cidade das Ciencias Mariñas (CCM)

Dende decembro de 2005 véñense sucedendo as noticias sobre a creación dunha *Cidade das Ciencias Mariñas* en Vigo. Parece que a proposta xurdiu na comunidade científica local. O proxecto foi asumido e está promovido polo Goberno Central e pola Xunta de Galicia. A idea recibiu o apoio da Autoridade Portuaria, o silencio da Zona Franca e un incompreensible rexeitamento inicial por parte do Goberno Municipal (PP) e do BNG. A Xunta busca unha localización idónea para a CCM, contemplando, inicialmente, o recinto da ETEA.

Obxectivo da CCM

A CCM é un proxecto de País, radicado en Vigo pero que trascende a cidade. O seu obxectivo é coordinar o esforzo dos centros de investigación hoxe dispersos en diversas localizacións de Vigo e do resto de Galicia, impulsar e optimizar a súa eficacia en I+D+i, e acadar a súa relevancia internacional.

Relación dos Centros de Investigación Mariña existentes en Galicia

Vigo	A Coruña
<ul style="list-style-type: none"> * IEO: Centro Oceanográfico de Vigo (MEC) * IIM: Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC-MEC) * UVigo: Facultade de Ciencias do Mar (XG-MEC) * Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (UVigo) * CRLMB: Lab. de Biotoxinas Mariñas (MSC-AESA) * CECOPECA: Lab. de ANFACO * CETMAR: Centro Tecnolóxico do Mar (XG) * BO: Base Oceanográfica (MEC-MAPA) (proxecto) 	<ul style="list-style-type: none"> * IEO: Centro Oceanográfico da Coruña (MEC) * UDC: Grupos de Investigación Mariña (XG-MEC)
	Santiago de Compostela e A Graña (Ferrol)
	<ul style="list-style-type: none"> * USC: Instituto de Acuicultura (XG-MEC) * Estación Biolóxica Mariña da Graña (USC)
Arousa, Vilaxoán, Ribeira e Ribadeo: Centros da XG – Consellería de Pesca	
<ul style="list-style-type: none"> * CIMA: Centro de Investigacións Mariñas (Arousa-Vilanova) * INTECMAR: Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Vilaxoán) * CETGA: Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (Ribeira) * Centro de Cultivos Mariños (Ribadeo) 	

Relación orientativa das liñas de investigación

<ul style="list-style-type: none"> • Oceanografía • Ecoloxía • Biotecnoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> • Pesca • Acuicultura • Tecnoloxía alimentaria 	<ul style="list-style-type: none"> • Contaminación • Enxeñería 	<ul style="list-style-type: none"> • Economía pesqueira • Dereito marítimo
---	--	--	--

Contido da CCM

A CCM está en proceso de deseño e aínda non se decidiu o seu contido. As noticias de prensa falan, inicialmente, dunha verdadeira *Cidade Científica*, como as existentes no Reino Unido (*Southampton Oceanography Center*) e nos Estados Unidos (*Woodshole* e *La Jolla*). Nelas concentráronse todos os centros de investigación e as facultades universitarias relacionadas, con excelentes resultados. De xeito similar, a CCM reuniría físicamente todos os Centros de Investigación de Vigo, cunha participación dos demais centros de Galicia.

Isto provocou certa controversia na comunidade científica. Parece que no caso de Vigo non é necesaria, nin conveniente, unha tal concentración. Case todos os centros dispoñen de localizacións ben asentadas, con proxectos de ampliación en marcha, e semella que a súa coordinación non precisa unha proximidade física. O contido da CCM, segundo a información pública dispoñible, podería ser o seguinte:

- Un Centro de Coordinación, consorciado por todos os Centros existentes.
- Un Centro de Investigación Avanzada, participado por todos os demais Centros.
- O Instituto de Investigacións Mariñas, único centro necesitado de traslado.
- Un Centro de Divulgación Científica Mariña, do que se comeza a falar na prensa.

(Por certo: *Cidade das Ciencias Mariñas* ou *Cidade do Mar* son nomes suxerentes pero quizáis non sexan adecuados, polo excesivos, para o conxunto descrito).

Na CCM participarían de xeito permanente todos os Centros de Investigación de Vigo e do resto de Galicia, e as tres Universidades. Pero tamén participarían de forma periódica outros Centros e Universidades de España, Europa e o resto do mundo.

Postura de Outrovigoéposible

1) Consideramos que este complexo científico é unha oportunidade histórica. Constitúe un enorme impulso en I+D+i nun campo do coñecemento que é estratéxico para Galicia e para Vigo, e que está fortemente enraizado na historia e na tradición mariña da cidade e do País. Con el ábrese a tan necesaria creación de alternativas á industria da automoción e ao tráfico portuario. Polo tanto, apoiamos rotundamente a súa creación.

2) A súa ubicación nos terreos da ETEA parece razoable. O recinto é idóneo e semella ter unha capacidade de acollida suficiente, en termos de sostibilidade, para o contido previsible da CCM e para os outros usos propostos neste documento: a BO e a Sede do PNIA.

4) Polo tanto, apoiamos a ubicación da CCM no recinto da ETEA, puntualizando que a ordenación resultante pode, e debe, ser exemplar, pública e sostible nos termos descritos no punto 5 deste estudo.

5) Debemos reclamar, ademais, que a CCM teña unha función cultural para os cidadáns. As posibles ferramentas serían o Centro de Divulgación Científica Mariña e os circuitos de divulgación nos propios centros de investigación (*).

(*) Moitas actividades teñen atractivo e valor cultural, e son *musealizables en vivo*. Algunhas industrias teñen circuitos de visita case permanentes, deseñados de tal xeito que non interfieren no seu funcionamento, nin provocan problemas de seguridade. Existen, incluso, corredores de visita independentes, construídos con paneis de vidro de seguridade, que poden dotarse con material informativo e didáctico, e non precisan personal de guía.

6) A calidade do espazo público require que a CCM non sexa unha caixa pechada. Un adecuado deseño arquitectónico, xunto coa función cultural do complexo, deben conseguir que cada un dos seus edificios se integre dun xeito vivo e harmónico no espazo público circundante, ata formar parte del.

6.2 A Base Oceanográfica (BO)

O Estado (IEO-MEC-MAPA) dispón de 3 buques oceanográficos en activo, 2 en construción e 5 en proxecto. Esta flota de 10 barcos precisa unha Base, que estaría constituída por un Centro de Xestión e un peirao.

O Centro de Xestión contaría cun Centro de Control da flota, un depósito de material e un taller de mantemento para os equipos científicos e para o material auxiliar das expedicións.

O peirao precisa unha liña de atracada suficiente para as operacións de carga, montaxe, desmontaxe e descarga de material científico, e para o aprovisionamento das expedicións. As operacións de reparación e mantemento dos buques non se farían na Base, senón nos estaleiros da ría. Dado que a flota estaría en servizo constante, o número de buques atracados simultaneamente sería reducido.

Outrovigoésible apoia a localización da Base Oceanográfica na ETEA polos motivos seguintes:

- 1) O recinto da ETEA é idóneo para a BO polas dimensións do seu peirao. A actividade da BO é coherente coa Cidade das Ciencias Mariñas e coa Sede do PNIA.
- 2) O Centro de Xestión da BO semella físicamente compatible coa CCM e coa Sede do PNIA no mesmo recinto en termos de ordenación sostible.
- 3) O peirao podería acoller a Base sen grandes modificacións, e debería ser compatible coa conservación do efecto *praza de auga* e a rexeneración do areal. Ambas condicións son desexables por motivos ambientais, paisaxísticos e de relación mar-cidade.

6.3 A Sede do Parque Nacional (futura Reserva da Biosfera) das Illas Atlánticas (PNIA)

1) A localización da Sede do PNIA no edificio Cambón é tan inadecuada que resultaría incompreensible. As razóns xa foron expostas no comunicado de **Outrovigoésible** aos medios: está lonxe do mar, non dispón de peirao de atracada para as embarcacións de servizo do Parque e as súas dimensións non son adecuadas para a Sede e o seu Centro de Interpretación.

2) Propoñemos a localización da Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas no recinto da ETEA. Consideramos que o recinto é idóneo polas súas dimensións, polos seus valores ambientais e estéticos, e polo seu peirao. Ademais, a Sede do PNIA é coherente, pola súa actividade, coa Cidade das Ciencias Mariñas, e semella físicamente compatible con ela e coa Base Oceanográfica no mesmo recinto en termos de ordenación sostible.

3) O PNIA será declarado, seguramente, Reserva da Biosfera, e irase extendendo, con toda probabilidade, ao litoral das Rías Baixas, abranguendo espazos naturais con diferentes graos de protección ambiental. A Sede deste organismo require unha localización digna da súa importancia, e a ETEA cumpre esta condición.

4) O Centro de Interpretación do PNIA é un centro de *investigación* ambiental, polo que é coherente coa CCM, e provocaría importantes sinerxías cos seus centros.

5) O Centro de Interpretación do PNIA é, tamén, un centro de *divulgación* ambiental. A súa función cultural complementaríase sinérxicamente coa da CCM, especialmente co Centro de Divulgación Científica Mariña, de éste chegar a realizarse.

6.4 Outros usos posibles e desexables

Non sabemos o que pode dar de si o recinto da ETEA mantendo a esixencia dunha ordenación exemplar, pública e sostible. Pero non é un desatino pensar noutros usos posibles e desexables, en previsión de que houbera un lugar para eles.

Tales usos deberían contribuir á vitalización do recinto como espazo público, sen estragar os seus valores ambientais e paisaxísticos. Ademais potenciarían o seu efecto rexenerador do barrio de Teis.

As instalacións deportivas

Consideramos que deben conservarse as actuais instalacións deportivas (polideportivo, piscina e campo de fútbol) e poñelas ao servizo dos cidadáns.

A cultura mariña tradicional

Hai unha liña que enlaza a Ciencia Mariña, a preservación do medio ambiente, o aproveitamento sostible dos recursos naturais e a cultura mariña tradicional galega. Os tres primeiros elementos estarían representados na ETEA pola CCM, a Sede do PNIA como Parque Natural, e a Sede do PNIA como Reserva da Biosfera. Faltaría o cuarto elemento, que habería de ser función do Museo do Mar.

Pero hai campos que quizáis o Museo non poida abranguer. Actividades tales como unha base para embarcacións tradicionais, unha carpintería de ribeira ou unha escola pública de navegación a vela que inclúa as embarcacións tradicionais e as artes tradicionais de pesca.

Non sabemos se estas actividades serían fisicamente compatibles coa CCM, a BO e a Sede do PNIA nunha ordenación sostible. Todo depende das dimensións do conxunto e das solucións urbanísticas e arquitectónicas adoptadas. Pero poderían ter un lugar no recinto, e por iso quedan aquí reflectidas.

Servizos hosteleiros complementarios

A ordenación quizáis deba completarse cunha dotación hosteleira mesurada que non teña un fin turístico, senón o servizo complementario das actividades do recinto e do propio espazo público.

Pero é importante que estas dotacións contribúan, coa súa beleza e funcionalidade, á calidade do espazo público, e que non estraguen a rexeneración ambiental e paisaxística do recinto, particularmente no seu borde litoral.

6.5 O rexeitable intento de integración entre a CCM-BO e o proxecto da Zona Franca

Outrovigoésible considera que debe rexeitarse calquer intento de facer compatibles a CCM e o actual CCM e o actual Franca, porque responden a conceptos antitéticos. Non habería unha solución coherente. Calquer encaixe suporía malgastar o valioso espazo do recinto, e destruíría a calidade da ordenación (véxase o punto 7). Este razoamento é extensible á proposta de Parque Mariño do BNG. O lugar que non ocupen a CCM, a BO e a sede do PNIA debe corresponderlle, na nosa opinión, a actividades culturais e deportivas como as xa citadas.

7. O PERIGO DUN MAL PROXECTO E A ESIXENCIA DE CALIDADE

Lembremos as características da ordenación e o uso propostos:

- Unha ordenación exemplar.
- Un espacio público vivo e de calidade.
- O desenvolvemento dos valores urbanos, ambientais e paisaxísticos do recinto.
- Unha actividade científica, ambiental e de divulgación cultural.
- A capacidade de rexenerar o barrio de Teis e impulsar a transformación da cidade.

Combinar estes elementos é un traballo posible, necesario e moi atractivo. Pero semella complexo. Trátase dun labor que require unha calidade especial, que cabería chamar excelencia.

Un proxecto convencional, no que primen os criterios técnicos e económicos, carecería da calidade necesaria para desenvolver as potencialidades do recinto e a funcionalidade do uso proposto. Sería equivalente a un mal proxecto. Por outra banda, a calidade dun bo proxecto pode verse estragada por unha mala realización.

O resultado podería ser un recinto aberto pero cos seus valores arquitectónicos, ambientais e culturais estragados, e con edificios inaxeitados para a súa función e, ó cabo, afastados dela. Un recinto baleiro e morto como espazo público e coa súa función degradada. Un *non lugar*. O peor destino imaxinable para a ETEA e para o complexo científico e ambiental descrito.

Polo tanto, debemos reclamar a máxima calidade, a *excelencia*, do proxecto de ordenación da ETEA, e un estricto control da calidade da súa realización.

8. UN USO PROVISIONAL PARA OS CIDADÁNS

Un proceso de xestión adecuado leva o seu tempo, e hai que darllo. Mentras tanto, convén iniciar o uso dos terreos da ETEA como espazo público, e abrir o recinto aos cidadáns, polo menos unha parte, particularmente as instalacións deportivas.

Isto detería o alarmante proceso de deterioro das instalacións. Pero, sobre todo, contribuiría a que o recinto fose penetrando na consciencia dos cidadáns como un espazo propio e irrenunciable.

9. RESUMO DA PROPOSTA

Resumo da proposta de **Outrovigoéposible** sobre o recinto da ETEA, a Cidade das Ciencias Mariñas e a Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas:

1. Reclamamos para a ETEA un proceso de planificación racional, no que cooperen as administracións, feito co tempo preciso para unha análise e un debate rigorosos, e no que se apliquen os principios de interese público, sostibilidade, adecuación e calidade.
2. Reclamamos para a ETEA unha ordenación exemplar, pública e sostible, con independencia do uso que se lle dea ao recinto. Unha ordenación que desenvolva os seus valores urbanos, ambientais e paisaxísticos, que o convirta nun espazo público de calidade, que impulse a rexeneración do barrio de Teis e que contribúa a transformar a cidade.
3. Apoiamos rotundamente a creación da chamada *Cidade das Ciencias Mariñas* en Vigo, porque constitúe unha oportunidade histórica para impulsar a I+D+i nun campo do coñecemento enraizado na nosa tradición e que é estratéxico para a cidade e para Galicia.
4. Propoñemos que o recinto da ETEA se destine a un complexo formado pola Cidade das Ciencias Mariñas (CCM), a Base Oceanográfica (BO) e a Sede do Parque Nacional (futura Reserva da Biosfera) das Illas Atlánticas (PNIA), polas seguintes razóns:
 - Son tres actividades públicas e sostibles.
 - Son tres actividades de excepcional importancia para Vigo e para Galicia.
 - Cada unha das tres actividades é un destino idóneo para o recinto.
 - O recinto é unha localización idónea para cada unha das tres actividades.
 - As tres actividades son coherentes e sinérxicas entre sí.
 - Dado o contido previsible da CCM, a capacidade de acollida do recinto semella suficiente para as tres actividades e compatible cunha ordenación exemplar e sostible.
5. Reclamamos que a CCM e o Centro de Interpretación do PNIA desenvolvan, ademáis do seu labor científico, un labor cultural nos eidos das ciencias mariñas e do medio ambiente, e que deste xeito consoliden a función do recinto como espazo público de calidade.
6. Reclamamos que se manteñan as actuais instalacións deportivas, e que se poñan ao servizo dos cidadáns.
7. Suxerimos que, de restar baleiro algún espazo ocupable, a ordenación do recinto se complete con actividades relacionadas coa cultura mariñeira tradicional galega (base de embarcacións tradicionais, carpintería de ribeira, escola pública de vela).
8. Rexeitamos o actual proxecto da Zona Franca e a proposta de Parque Mariño do BNG, así como todo intento de integración entre calquera deles e o complexo CCM-BO-PNIA.
9. Reclamamos a *excelencia* do proxecto e o estricto control da calidade da súa realización, porque son condicións necesarias para desenvolver os valores do recinto e a funcionalidade do uso proposto.
10. Solicitamos a apertura provisional do recinto aos cidadáns, e o uso público inmediato das súas instalacións deportivas.

A Comisión de Coordinación de Outrovigoéposible

Vigo, 1 de marzo de 2006